



A VERBA DO CORVO

A luz da primavera alumea xa a aldea e consegue que a ata a espiga negra semelle morada por momentos. Foi un ano duro, o traballo no campo é sacrificado, pero tamén as visitas inesperadas dos amigos do alleo, secuestrando os nosos vixías nocturnos (os pastores eléctricos) forzáronnos a voltar as roldas polo medio das leiras nas noites escuras. A pesares de tódolos impedimentos, a colleita foi boa e os cativos puideron visitar a aldea e coñecer un pouco da historia, usos e costumes de estas terras, da forma de vida dos nosos avós. De novo foron estes rapaces quen de encher de enerxía e maxia este meu corpo un pouco mais canso... , cruceamos o dedos para que os fanáticos con mentalidades de corte medieval, que nos queren impoñer uns tempos escuros, non nos deixen mudos.

A crise afectounos a todos, mesmo as Súas Maxestades os Reis Magos faltaron á cabalgata, ficando o Nadal algo murcho na aldea... ¡Non seremos en Meiro sospeitosos de afundir o gasto público! Neste último ano, o corvo asistiu atónito a sensentidos como a xuíces sentados no banquillo pola diestra por tratar de esclarecer feitos siniestros dun pasado non moi lonxano.

Parece que estamos regresando o feudalismo, se antes os señores explotaban os seus lacaios, hoxe é a banca e os imperios empresariais os que deixan sen dereitos os traballadores, quitándolles non só o pan senón tamén o forno.

Contra esta mentalidade loitou ata os últimos días outra gran figura, Isaac Díaz Pardo, piar da cultura galega e defensor da nosa identidade. Do noso patrimonio formaba parte ademais o Códice Calixtino, aquela primeira guía de viaxes que agora orientará a algún coleccionista sen escrúpulos.

Pero nestes doce meses tamén houbo boas novas. Desde a derradeira vez que o saboreamos, o millo corvo reivindicou a biodiversidade noutras terras. Organizáronse actividades como a ruta medioambiental dos muíños da man dos biólogos Sara González e Alberto Fernández, en colaboración coa asociación de veciños Cabanouro, indo por diante nisto de aproveitar sinerxías e rendibilizar custes que agora tanto se fala pola fusión de concellos.

Non sen dificultades, un ano máis conseguíuse sacar adiante o traballo, grazas á xenerosidade das xentes e o altruísmo dos voluntarios que colaboran coa Asociación Cultural de Meiro. É un colectivo sen ánimo de lucro o que fai posible esta festa e, porén, contribúe á xeración de beneficios en pequenas empresas da zona e dinamizan o turismo na comarca.

Tátara, tátara, tátara... Canta o cacarexo a moa xa está xirando! Ai, ás veces estamos tan ocupados pensando no futuro co lastre do pasado que esquecemos vivir o presente. E o presente hoxe é esta celebración na que imos transmitir os saberes e sabores dos antergos, é esta revista que nos descobre os segredos do liño e as tecedeiras, a historia que contan desde as pedras dos mosteiros ata os vellos atlas, a sorprendente fotomontaxe de Sesó de Pancho, ciencias coma a ornitoloxía e a muiñoloxía ou epopeas de mártires e soldados.

A fariña moura xa foi amasada, o pan de millo arrecende. Bulide xa!